

# ARTE DE PAQUETERÍA

Víctor F. Freixanes

Permítanme que lle pida prestado o título desta intervención ao meu amigo e compañeiro de corporación Darío Xohán Cabana. Darío iniciouse nas artes do libro, en sendo un mozo, da man precisamente de don Xosé María Álvarez Blázquez, na librería Monterrey, máis coñecida como librería Almoneda, na rúa viguesa de Pi i Margal, onde daquela, cando Darío empezou, estaba instalada a Editorial Castrelos e onde, xa que logo, se producían os famosos libriños da colección O Moucho. Empezaba Darío a traballar e, segundo algunha vez declarou, iniciouse tamén daquela, entre outras habilidades, na arte de facer paquetes: a arte da paquetería, que disque o noso amigo e compañeiro académico mesmo domina arestora bastante ben.

Esta referencia á paquetería no eido da edición non é nova. Hai unha fotografía de Xosé María Álvarez Blázquez, na compañía da súa muller, María Luísa Cáccamo Friebe, debo supoñer que dos primeiros anos 50, na que se ve o matrimonio camiñando por unha rúa de Vigo, se cadra a rúa de Príncipe, con ese aquel elegante das fotografías de antano, e don Xosé María leva na man un paquete: un paquetiño de libros, moi ben atado, moi ben aquelado.

Francisco Fernández del Riego, que por aquelas datas xerenciaba a Editorial Galaxia xa na rúa Reconquista, gusta de falar tamén dos paquetes: sempre facendo paquetes, arredor da mesa do fondo da editorial, para enviar por correo aos subscritores das coleccións, porque entón había subscritores das coleccións de libros, e para enviar tamén aos libreiros. ¡Memoria de libreiros que nos anos 50 apoiaban o libro galego: o vello Arenas na Coruña; González, Porto e Galí en Santiago; Souto en Lugo; Tanco en Ourense; Martínez Gendra e Antúnez en Pontevedra; Elíos en Ferrol; Cervantes e os irmáns Buceta en Vigo...! Poucos máis. Pero ¿que sería de nós sen os libreiros? Con moitas dificultades, ás veces con moitos medos –“déixeos aí”, en depósito naturalmente– chegaban os libros galegos ás librerías: os primeiros libros galegos, despois da desfeita terrible do 36.

Sabino Torres, fundador xunto con Cuña Novás e con Álvarez Negreira (tamén da saga dos Álvarez, curmán de Xosé María), fundadores os tres, digo, da colección de poesía Benito Soto na Pontevedra de 1949, falaba igualmente da arte de facer paquetes: un ou dous libriños de cada vez, ben anoados con fío de fogueteiro, no almacén da rúa Filiberto.

Entre os papeis inéditos (e inacabados) de Xosé María Álvarez Blázquez tivemos a oportunidade de acceder a un orixinal, dous ou tres folios, principio dun ensaio que non chegou rematar nunca, pero iniciado contra finais dos anos 80, que leva por título: “Arte da envoltura”, e que ten que ver, xa que logo, co que aquí comentamos: envolver coñe-

cemento, aquelando o cordel, administrando o papel, calculándolle o peso, o espazo axeitado para a etiqueta do destinatario e do remitente..., mais arte tamén para envolver nubes, versos, paxaros, soños, entusiasmo, fantasías...

O texto está escrito con humor, mesmo con certa saudade do oficio e algunhas licenzas de poeta, pero, aínda que apenas é un bosquejo, repito, ten o aquel da intuición intelixente e mais un alustro de metáfora. A arte da paquetería aparece vencellada á arte da edición, ou cando menos da distribución e da comercialización dos libros: arte non industrial, senón de minorista, individualizada, non en serie, aloumiñada co amor das cousas importantes, das cousas queridas. Pero tamén algo máis. Hoxe falamos de empacar información, por exemplo, organizada en paquetes cando falamos da internet: a tecnoloxía de distribución de contidos globais a través da rede. Empaquetamos programas para a televisión. Empaquetamos datos e documentos para organizalos despois segundo determinados protocolos. E falamos de empacar cando deseñamos estratexias de márketing e de publicidade. Empacar é envolver, presentar, ordenar o discurso e o coñecemento segundo uns principios, segundo uns procedementos e uns obxectivos, pensando nuns destinatarios, nunhas audiencias, no caso de Xosé María Álvarez Blázquez pensando nun público lector: calidade necesaria no proceso básico da comunicación. Moitos seguimos, xa que logo, nesta arte de empacar, de distribuír, de organizar, de preparar o discurso, aínda que non todos coa mesma intelixencia nin coa mesma sabedoría.

Lembro a don Xosé María, que era como o chamabamos todos, sentado diante dunha vella máquina de escribir, rodeado de papeis e de libros, case diría que de cartapacios, no fondo do seu establecemento da rúa Pi i Margall: a librería Monterrey, como xa dixeran antes, pois en realidade o oficio iniciouno don Xosé María como libreiro.

De feito, podemos afirmar que Xosé María Álvarez Blázquez participou e implicouse activamente en todos e cada un dos elos da cadea de valor do libro, e esta é unha das súas grandes contribucións á cultura galega da segunda metade do pasado século, non a única, por suposto. Xosé María Álvarez Blázquez participou, dun xeito innovador, no proceso da recuperación do libro galego moderno: dende a creación á distribución; dende a investigación e a descuberta de orixinais e de autores (novos e menos novos) á comercialización de fondos e a administración dos mesmos; dende a redacción, a corrección de probas, o deseño das cubertas, a selección de caixas e de tipografías, etc., á administración dos recursos, o márketing e a venda, incluído o pago de dereitos, ao que puntualmente sempre procedeu, e incluída a axitación cultural e a sementeira, dimensión política de compromiso coa nación á que non renunciou nunca e que caracteriza e define a toda a súa xeración. Alí, no fondo da librería de Pi i Margall, foi onde o vin por primeira vez.

Pasaron máis de trinta anos. A Real Academia Galega acordou dedicar a presente edición do Día das Letras ao poeta, ao narrador, ao estudoso da nosa literatura, ao arqueólogo, ao erudito local, ao publicista, ao editor... En Xosé María Álvarez Blázquez encár-

nanse moitas cousas. Como nos grandes prismas, ou mellor: como nos grandes poliedros, a luz reflicte en variadas caras que, aínda que distintas e situadas en diferentes ángulos de visión, configuran un conxunto equilibrado, homoxéneo, extraordinariamente ricaz. Seguramente ningunha se entende nin se explica sen as outras. Xosé María Álvarez Blázquez non é só unha figura sobranceira das nosas letras, cunha obra poética excelente, se cadra non abundosa, pero intensa, e cunha intelixencia especial para a crítica e a organización da nosa memoria literaria; Xosé María Álvarez Blázquez, a quen hoxe lembramos, é un capítulo da nosa historia contemporánea, da historia contemporánea da nosa cultura e da historia do galeguismo do noso tempo, membro do grupo de precursores, resistentes e esperanzados predicadores do Novo Rexurdimento (o terceiro rexurdimento) que se produce a partir de 1978. Todos somos fillos deles, consecuencia deles, resultado deles.

Non é cousa de dar conta en tan pouco tempo do inxente labor de Xosé María Álvarez Blázquez como editor, como empaquetador de soños e coñecemento. A guerra civil abriu unha trágica fenda na cultura e na edición galega. O asasinato en Compostela de Ánxel Casal, creador da Editorial Nós (1927-1936), tronzo un proceso que viña medrando dende as Irmandades da Fala (1916) cara á construción do que é fundamental para calquera cultura: a dispoñibilidade de estruturas de produción, difusión e comercialización das súas formas de expresión, neste caso a expresión literaria: o libro. Neste eido, coma en tantos outros, houbo que empezar practicamente de cero.

Na fotografía da asemblea fundacional de Editorial Galaxia no hotel Compostela de Santiago (xullo de 1950), están os irmáns Álvarez Blázquez, Emilio e Xosé María, marcados (eles tamén) polo asasinato do seu pai en Tui, o médico Darío Álvarez Limeses. Un par de anos antes (1948), Xosé María, xunto co seu amigo Luis Viñas Cortegoso, botara a andar a librería anticuaria á que fixemos referencia, e na que nacerán as Edicións Monterrey. De feito, o primeiro libro da nova editora é do nadal dese ano 1950, algúns meses antes da aparición do primeiro libro de Galaxia (*Antífona da cantiga*, de Ramón Cabanillas, 1951). Trátase de *Roseira do teu mencer*, poemario que Xosé María Álvarez Blázquez dedica á súa filla Colorín, que acababa de nacer. Imprimíronse 125 exemplares daquel texto primeiro, cincuenta de carácter venal.

Edicións Monterrey é a primeira empresa ambiciosa de Xosé María Álvarez Blázquez, na compañía como dixemos de Luís Viñas Cortegoso. O seu nome evoca a vella vila ourensá, a acrópole dos Zúñiga, onde por primeira vez aparece a imprenta en Galicia en 1485.

Ao longo da década dos 50, os títulos de Monterrey, ollados agora coa perspectiva do tempo, configuran un catálogo de extraordinario interese, tanto en galego como en castelán. Nalgúns casos son auténticas descubertas. Refírome á *Égloga de Belmiro e Benigno* (1951), autógrafa atribuído ao escritor romántico Nicomedes Pastor Díaz; o *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*, de Gabriel Feixoo de Araúxo, primeira composición

teatral na nosa lingua, de finais do século XVII; *El búho gallego con las demás aves de España haciendo Cortes*, atribuído a Pedro Fernández de Castro, vicerrei de Nápoles, VII conde de Lemos; documentos medievais, escritos inéditos do padre Martín Sarmiento; ou as famosas *Décimas ao Apóstolo Santiago*, do abade Martín Torrado, en edición crítica do propio Xosé María...

Do prelo de Monterrey, primorosamente presentadas, saen obras como o *Teatro venatorio y coquitario gallego...* (1958), por salientar algúns outros casos, da autoría dos seus amigos Álvaro Cunqueiro e Xosé María Castroviejo, ou a edición en volume das súas colaboracións xornalísticas, *La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo* (1960). E contra o final desta etapa, co mesmo selo editorial, dúas entregas literarias de Gonzalo Rodríguez Mourullo: *Nasce un árbore* (1954) e *Memorias de Tains* (1956), principio do que logo se denominará a Nova Narrativa.

Subliño estes dous títulos de Rodríguez Mourullo porque en certa maneira anuncian a seguinte xeira do editor, xa nos anos 60: a Editorial Castrelos, que inicia a súa actividade en 1963.

Fronte á experiencia de Monterrey, máis de carácter erudito e de bibliófilo, con achegas certamente decisivas, Castrelos alterna xa moi decididamente creación e divulgación, vellos e novos autores, consciente de que acaso chegou a hora de abrir espazos novos. A colección Cuadernos de Arte Gallego constitúe un exemplo de deseño e pulcritude, malia os escasos medios da época. En Pico Sagro publica só dous textos: o seu poemario *Canle segredo e Romanceiro da Terra Cha*, de Darío Xohán Cabana. A colección Mogor intentaba ser unha canle de expresión para a xente nova. Pero na colección Pombal reúne títulos que acabaron converténdose tamén en referencia. *Dos anxos e dos mortos*, de Anxo Rei Ballesteros, en 1977, foi un deles. Esta novela anuncia, na miña opinión, a promoción de autores que empezan a expresarse xa no marco das liberdades democráticas e a saída da ditadura, do mesmo xeito que no seu día os textos de Mourullo anunciaban a Nova Narrativa. Velaquí a ollada do editor. A súa capacidade para explorar novos mundos, mesmo para adiviñar futuros, á par que para rescatar tesouros que outros daban por perdidos para sempre. A rebotica da librería-editora Monterrey, agora Castrelos, agarimaba a curiosidade dos mozos que se achegaban para saber da cultura e do galeguismo, a pegada dos tempos difíciles, o Partido Galeguista, a Segunda República, o sonho dos devanceiros, dos que Xosé María, igual que Francisco Fernández del Riego en Galaxia ou Ramón Piñeiro na rúa Xelmírez de Compostela, tiñan a memoria viva.

Mais a grande achega do editor Álvarez Blázquez á historia do libro galego, sen merecer as anteriores, é algo moi específico, extraordinariamente orixinal, un auténtico acontecemento na época. Baixo o lema "Libriños do pobo pra o pobo", comezan a publicarse en novembro de 1967 os primeiros títulos da colección O Moucho. A humilde, popular, eficazísima colección dos libriños de O Moucho.

O primeiro de todos foi a recuperación dun clásico polo que poucos apostaban: o *Catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal, publicado por primeira vez nas páxinas de *O tío Marcos da Portela* (1876) e en forma de libro en 1889. A acollida foi espectacular. Non é doado concretar cifras, pero entre 70.000 e case 100.000 exemplares puideron venderse das 15 edicións do *Catecismo...*, que axiña empezou a circular non só polas librerías, senón polas festas, os rueiros, as feiras, os quioscos, de man en man, mesmo nas ferraxerías se vendía. Darío Xohán Cabana salienta que os libriños de *O Moucho* chegaron a distribuírse ata en 230 puntos de venda de Galicia, cando a cifra habitual para o libro galego naqueles anos non sobordaba o medio cento. Ben os lembro, con dezaseis e dezasete anos, no trinque do quiosco de Puga, na praza de abastos de Pontevedra, por exemplo, entre os xornais que viñan de Madrid e as noveliñas baratas de Marcial Lafuente Estefanía, coma unha festa de cogomelos, mais tamén nos tendereiros da feira de Santiago despois, e nas mesas das asociacións culturais que saían á rúa o Día das Letras Galegas, agora coma unha explosión de pampullos...

En total publicáronse 64 títulos: inconfundibles, entre 40 e 70 páxinas, cun deseño do debuxante Pedro Bofill. Alternaban asuntos populares, rescatados da tradición no obradoiro da propia editora, con textos de autores vellos e novos: dende o *Retorno a Tagen Ata* de X.L. Méndez Ferrín a Otero Pedrayo e Ánxel Fole, dende a recuperación de Yeats da man dos irmáns Villar Ponte e Plácido Castro no 34, as obriñas de Manuel María, Lois Diéguez, Vázquez Pintor ou o propio Xohán Cabana, pasando polo *Cipriani-llo* e as *Chispas da Roda* de Fernando Quesada, do que se venderon 80.000 exemplares. Literatura popular, na tradición dos clásicos.

O segredo do éxito da colección, que ten os seus precedentes naquelas outras empresas inspiradas nos anos 20 polas Irmandades da Fala, Céltiga e Lar, hai que enxergalo no contexto do momento: os derradeiros anos 60 e os anos 70, tempo de forte axitación cultural, cunha rede activa de asociacións e grupos a prol da difusión da cultura, rexa militancia de base á procura de novos espazos para a lingua, alén dos necesariamente limitados circuítos de carácter culto e do prestixio intelectual nos que viña centrando a súa estratexia a Editorial Galaxia que dirixía dende Compostela Ramón Piñeiro. Xosé María Álvarez Blázquez empata coa acción directa e intenta o seguinte paso: romper o círculo, abrir novos territorios. A selección de temas populares, a meirande parte deles preparados na redacción da editora, busca un público diferente, sen renunciar aos creadores, que teñen na colección un punto de referencia sempre que se axusten á dimensión das obriñas e o número de páxinas. O prezo (30 pts. unidade) e mais a distribución son outros factores determinantes. A caracterización do deseño, recoñecible entre calquera outro, identifican a colección e definen o novo público ao que quere dirixirse.

As tiraxes andaban entre 2.000 e 3.000 exemplares, con 5.000 nalgúns casos. Nunha nota dos editores, datada en 1976, que tiramos do documentado estudo de María Dolores Cabrera no Caderno Especial que dedicamos a don Xosé María na revista *GRIAL*,

dicíase: “Co presente título a colección acada o número 50 (...) Medio cento de títulos, cun total até o momento de 106 edicións, expresan sen lugar a dubida a cálido favor que o público nos veu prestando ao longo destes oito anos e medio”.

Velaquí, pois, a obra dun precursor.

A edición galega de hoxe, asentada nunha realidade ben distinta, ten na súa persoa, no seu saber e no seu esforzo un referente impagable.

Louvor e admiración a don Xosé María, o noso editor.

Louvor e gabanza aos que fixeron posible o milagre que agora somos.

Beizóns infinitas para o empaquetador, o distribuidor, o axitador, o descubridor de tesouros, sementador da esperanza, da que nos sentimos continuadores, capitán da intelixencia, obreiro da memoria e da palabra, dende a humildade e a constancia, cuxo exemplo chega a nós, patrimonio que debemos saber administrar e que oxalá poidamos e saibamos transmitir ás novas xeracións, arrequecido e mellorado, adaptado aos novos tempos e ás novas linguaxes, coma eles antes ca nós fixeron. A vida é un río que nos acarriña e que nos continúa.